

# Nova aproximación ao estudio documental da Real Audiencia de Galicia: os preitos e expedientes de mosteiros

GABRIEL QUIROGA BARRO\*

## Sumario

Analízase desde un punto de vista arquivístico o conxunto de preitos e expedientes do denominado “Preitos e expedientes de Mosteiros” do fondo documental da Real Audiencia de Galicia, custodiado no Arquivo do Reino de Galicia

## Abstract

In this article, the author analyzes, from an archival perspective, a particular records series inside the fonds of the Royal Court of Galicia, kept in the Archives of the Kingdom of Galicia: the lawsuits of the Monasteries.

**C**on ocasión da publicación en CD-ROM dun novo instrumento de descripción do fondo documental da Real Audiencia de Galicia, o *Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros*<sup>1</sup>, decidimos acometer o estudio documental deste conxunto. Ese traballo permitiuños redactar a *introducción* ao catálogo. Agora o presentamos aquí de forma separada, aproveitando a amable invitación de Alfredo Erias.

O estudio sigue a metodoloxía exposta noutras publicacións anteriores, sobre a que volveremos tratar más abaixo. Combina o exame das fontes lexislativas, doutrinais e documentais para o coñecemento dos procedementos xudiciais do *antigo réxime* co tratamento estatístico dos preitos e expedientes identificados a partir da base de datos de descripción elaborada no Arquivo do Reino de Galicia. Nunha segunda fase, os datos obtidos permiten elixir un ou varios tipos documentais concretos que serán obxecto de análise pormenorizada.

Esta análise, que é de natureza arquivística<sup>2</sup>, parte do modelo proposto no seu día por Vicenta Cortés Alonso como método para a identificación de series documentais<sup>3</sup>. Un método amplamente difundido hoxe, con diferentes variantes, entre a comunidade arquivística española, e que ten demostrado a súa utilidade no contexto de amplos proxectos de identificación e valoración de fondos documentais<sup>4</sup>.

O obxectivo final que perseguimos é acadar un coñecemento máis profundo da realidade documental do fondo da Real Audiencia de Galicia e do funcionamento interno do Tribunal, e con isto mellorar a organización e descripción do conxunto. Algo tanto máis necesario canto que, se ben existen xa sólidos estudos de base sobre a orixe, organización e funcións da Real Audiencia de Galicia<sup>5</sup>, e, en xeral sobre a organización xudicial da Coroa de Castela durante a Baixa Idade Media e os comezos da Idade Moderna<sup>6</sup>, aínda sigue a haber un déficit xeral de coñecemento sobre os procedementos xudiciais, especialmente sobre os de carácter civil, deste período<sup>7</sup>.

\*Gabriel Quiroga Barro é director do Arquivo do Reino de Galicia.

## OS PREITOS E EXPEDIENTES DE MOSTEIROS

No fondo da Real Audiencia de Galicia, o conxunto de preitos e expedientes tradicionalmente denominado *Mosteiros* está constituído, trala última revisión realizada con motivo da edición do catálogo, por 7.908 documentos tramitados a instancia de diferentes mosteiros, a maior parte deles galegos<sup>8</sup>, con rendas, propiedades ou intereses en Galicia.

Como é ben coñecido, os expedientes e preitos iniciados por comunidades monásticas constituían, xunto cos tramitados a pedimento doutras institucións ou persoas, *casos de corte* nos diferentes tribunais reais da Coroa de Castela, entre eles a Real Audiencia de Galicia<sup>9</sup>. Isto significaba que estes colectivos e individuos podían acudir directamente á Audiencia, sen pasar por outros tribunais inferiores, en demanda de xustiza. Probablemente foi esta a razón que levou aos escribáns de asento da Audiencia e logo aos primeiros responsables do Arquivo do Reino a organizar e describir separadamente cada un destes conxuntos. Outra consecuencia derivada desta circunstancia (xunto con outras, como a facultade itinerante do tribunal e a utilización do Auto Ordinario) foi unha notable acumulación de procesos tramitados en primeira instancia perante a Audiencia<sup>10</sup>.

Todo isto explica a existencia no Arquivo dun catálogo convencional en cédulas soltas con aquela denominación, elaborado partir da información recollida nos chamados *Libros índices*<sup>11</sup>, e a permanencia e utilidade que seguen a ter estes instrumentos.

Antonio Gil Merino sinala que a “serie” de preitos e expediente de *mosteiros* comprende 8.200 documentos, recollidos en 436 atados e con datas extremas entre 1531 e 1841. Engade que se refire a *bens, rendas, tributos e incidencia da xurisdicción dos Mosteiros principais, así como dos antigos transformados en priorados a eles anexos, das Ordes de San Bieito e do Císter; algún de Santo Agostiño e doutras Ordes de ambos os dous sexos*. Di tamén que os preitos ofrecen grande interese pois *nalgúns foron incorporados como proba instrumentos dos séculos XIV, XV e ainda anteriores, para o estudio de institucións desta rexión na Baixa Idade Media*<sup>12</sup>. Pedro López engade a esta información unha ampla nota histórica e importancia para a investigación<sup>13</sup>.

A revisión da base de datos permite fixar o número de documentos que recolle o novo catálogo informatizado na cifra expresada máis arriba, e as datas extremas, en 1511<sup>14</sup> e 1833<sup>15</sup>.

## APROXIMACIÓN Á TIPOLOXÍA DOCUMENTAL

De acordo coa metodoloxía exposta noutro lugar<sup>16</sup>, os pasos que seguimos na investigación que se abre coa preparación da edición dun novo catálogo da Real Audiencia son os seguintes:

1. Revisión íntegra e sistemática de todos os rexistros que componen a base de datos que representa os documentos. Corrección de errores ortográficos, sintácticos e de datación. Corrección e normalización de topónimos e descritores de materias, de acordo coas fontes habituais que está a utilizar o Arquivo<sup>17</sup>.

2. Establecemento do marco teórico-xurídico que nos permitirá abordar unha identificación previa, definido polas normas legais que regulaban a estructura e o funcionamento da Audiencia e polas obras doutrinais e os documentos que hoxe nos serven de auxilia para comprehendelo.

3. Pre-identificación dos tipos documentais presentes por comparación entre a lista de procedementos da Audiencia descritos nas fontes citadas, e nomeadamente por Vicente Álvarez de Neira, primeiro arquiveiro do centro e avogado do Tribunal<sup>18</sup>, e a relación dos descritores de materia e tipos documentais que inclúe a base de datos analizada.

4. Tratamento estatístico dos tipos documentais pre-identificados, para coñecer os más representativos.

5. Análise documental dos más representativos.

Unha vez completados os catro primeiros pasos da investigación, o resultado amósase no seguinte cadro:

### **CADRO I: Estatística de procedementos nos preitos e expedientes de mosteiros**

PROCEDEMENTO	Nº CASOS	% SOBRE TOTAL CASOS	% SOBRE TOTAL EXPED
<b>A) Procedementos Civís e de Goberno relacionados por Vicente Álvarez de Neira<sup>19</sup></b>			
Demanda de reivindicación			
Demanda de libertad y renta redimible	5.618	76,29	70,63
Demanda de jactancia	-		
Demanda de lesión, enorme y enormíssima	-		
Demanda de retracto	2	0,02	0,02
<b>PROCEDEMENTO</b>			
Demandas de graciosa			
Demandas de partija <sup>20</sup>	5	0,06	0,06
Demandas de nulidad de contratos	4	0,05	0,06
Misión en posesión de bienes de vínculo <sup>21</sup>	12	0,16	0,15
Autos ordinarios <sup>22</sup>	713	9,68	8,96
Amparo de posesión	5	0,06	0,06
Denuncia de obra nueva <sup>23</sup>	22	0,29	0,27
Retención de bulas	-		
Rollos de fuerza eclesiástica y rollos de fuerza de conocer y proceder	16	0,21	0,20
Ejecuciones <sup>24</sup>	389	5,28	4,89
Concursos y pleitos de acreedores <sup>25</sup>	273	3,70	3,43
Ajustes de cuentas <sup>26</sup>	6	0,08	0,07
Prorrateos <sup>27</sup>	74	1	0,9
Expelos contra colonos <sup>28</sup>	15	0,20	0,18
Procesos contra ejecutores de los subdelegados de cruzada y otros	-		
Interdictos posesorios <sup>29</sup>	6	0,08	0,07
<b>B) OUTROS PROCEDEMENTOS</b>			
Querellas de exceso (simples querellas) <sup>30</sup>	100	1,35	1,25
Reales provisiones ordinarias <sup>31</sup>	50	0,67	0,62
<b>C) PROCEDEMENTOS CRIMINAIS RELACIONADOS POR VICENTE ÁLVAREZ DE NEIRA</b>			
Pleitos sobre falsedad de moneda	-		
Pleitos sobre homicidios	-		
Pleitos sobre injurias reales <sup>32</sup>	17	0,23	0,21

	Nº CASOS	% SOBRE TOTAL CASOS	% SOBRE TOTAL EXPED
<b>PROCEDEMENTO</b>			
Pleitos sobre injurias verbales	6	0,08	0,075
[Injurias no determinadas]	11	0,14	0,13
Pleitos sobre amancebamientos, adulterios, incestos, estupros y sodomías	-		
Pleitos sobre sobornos	-		
Pleitos sobre estafas, cohecho y baratería	-		
<b>B) OUTROS PROCEDEMENTO CRIMINAIS</b>			
Delitos	18	0,24	0,22
Extracción <sup>33</sup>	2	0,02	0,02
<b>Total procedementos identificados</b>	<b>7.364</b>		<b>92,58</b>
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>7.954</b>		

Os datos que se ofrecen son ben expresivos: as *demandas de reivindicación* predominan de forma clara e rotunda no conxunto (76,29% do total de casos identificados). Algo que concorda cos resultados que a investigación histórica ten establecido desde hai anos sobre a conflictividade xudicial relacionada cos mosteiros galegos, e concretamente sobre a famosa Provisión de 11 de maio de 1763 de suspensión das demandas de despoxos<sup>34</sup>. Son significativos tamén en comparación coa análise que no seu día fixemos sobre o conxunto de preitos de *Veciños* da Real Audiencia. Alí predominaban os procedementos de *Auto Ordinario* (38,62% sobre o total de casos identificados), *Provisión Ordinaria* (33,17%) e *Simple Querela* (9,67%)<sup>35</sup>.

Pero non é este o lugar axeitado para valorarmos estas diferencias desde outro punto de vista que o puramente arquivístico. De acordo co método que estamos a seguir, pretendemos analizar a continuación o tipo documental que Álvarez de Neira denominou *Demanda de reivindicación*. Un procedemento longo que contrasta vivamente cos procedementos sumarios *sine estrepitu ni figura de juicio* empregados maioritariamente polas comunidades veciñais<sup>36</sup>. Antes, debemos advertir de que aquí non faremos senón esbozar unha aproximación a este tipo documental. Un estudio máis fondo requiriría unha análise pormenorizada da lexislación do Antigo Réxime que serviu de marco para o seu desenvolvemento e a consulta sistemática dun número relevante de expedientes.

### A demanda de reivindicación

A denominada *acción reivindicatoria* é considerada polo actual Código Civil como unha das accións<sup>37</sup> protectoras do dominio. Dispón así, no seu artigo 348, que: *El propietario<sup>38</sup> tiene acción contra el tenedor y el poseedor de la cosa para reivindicarla<sup>39</sup>*. É xa que logo esta acción *a acción de propiedad por excelencia*, e defínese como *a que pode ser exercida polo propietario que non posúe contra o posuidor que, fronte ao propietario, non pode alegar un título xurídico que xustifique a súa posesión<sup>40</sup>*.

Os requisitos esixidos para exercitala son:

- § Que o demandante xustifique o seu dereito de propiedade.
- § Que a acción se dirixa contra quen teña a cousa no seu poder.
- § Que non concurra ningún dereito do demandado que xustifique a súa pretensión de reter a cousa fronte ao propietario.
- § Que a cousa de que se trate quede debidamente identificada<sup>41</sup>.

O principal efecto desta acción é *a restitución da causa coas súas accesións*<sup>42</sup>.

No Dereito histórico español, a acción reivindicatoria rexíase, entre outras, polas leis 28 e 29, tít. 2º da III Partida<sup>43</sup>. A lei 28, por exemplo, recolle o principio da defensa do posuidor fronte ao propietario que non e quen de probar o seu dominio:

*Pro muy grande nasce a los tenedores de las cosas, quier las tengan con derecho o non: ca maguer los que gelas demandassen dixessen que eran suyas, si lo non pudiessen probar que les pertenecia el señorío dellas, siempre finca la tenencia en aquellos que la tienen; maguer non muestren ningún derecho que han para tenerlas.*

González Alonso cita casos de procedementos de restitución dos que se ocuparon os gobernadores de Galicia, ben antes da célebre provisión de 1480, ben nos anos inmediatamente posteriores. Así, en 1484, ordénaselle a López de Haro, na súa condición de Xustiza Maior, resolver, por vía de comisión, “sin estrepitu ni figura de juicio, un suposto de restitución de bens mobles roubados a un comerciante de Santiago”<sup>44</sup>. En 1475, encoméndaselle a D. Enrique Enríquez, Gobernador de Galicia, “faser restituír e tornar e entregar qualesquier billas e lugares e heredamientos e bienes que por unos a los otros e los otros a los otros estobieren tomados...”<sup>45</sup>

A esta demanda dedica Herbella de Puga o capítulo XIII do seu libro: *De reivindicación, sobre demanda de reivindicación, y prueba de dominio, identidad, pertenencias, y anexiones*<sup>46</sup>. Defínea como *acción real para abocar y recuperar de otro la cosa propia del que demanda*<sup>47</sup>. Sinala tamén que

6. *El que intenta la reivindicación, debe probar dos extremos; el dominio de la cosa de su parte, y la posesión, o detención de parte del demandado.*

7. *Compete no solo al que tiene dominio directo, si también al que tiene solo el útil, como al forero ó enfiteuta, contra cualquiera que le ocupe la cosa, y aun contra el dueño del directo, si se intrusó en ella sin legítima causa, durante las voces del foro.*

8. *Ha lugar la reivindicación contra el que con dolo deja de poseer, por molestar al actor, o precisarle a que siga su acción contra otro, quizá poderoso o esento.*

9. *Y también compete contra el que no poseyendo al tiempo de la demanda, o contestación, estubiere poseedor al tiempo en que se da la sentencia, y contra el se puede ejecutar.*

10. *Compete la reivindicación al que adquirió el dominio por cláusula de constituto u otra ficta tradición, contra el comprador posterior o persona que detente la cosa*<sup>48</sup>.

Advírtelo igualmente da dificultade que entraña a proba de dominio:

*y como la prueba y el derecho se mide por la persona del actor y no del reo, se aconseja por algunos autores, que se mire mucho y se consulte el que intenta proponer demanda reivindicatoria*<sup>49</sup>.

Pois

82. *El poseedor se presume señor de la cosa poseída.*

83. *No está obligado a presentar título que legitime su posesión, y es bastante que haga dudar del derecho del actor para ser absuelto*<sup>50</sup>.

## O procedemento

Herbella non alude en ningún momento ao procedemento que se había seguir na tramitación da *demandra de reivindicación*. Non o fai porque dá por suposto que o modelo a seguir debe ser o do xuízo ordinario, ao que se refire no capítulo V (*Sobre el juicio de amparo de posesión ordinario*): *Sustanciación de todo juicio ordinario*<sup>51</sup>.

Na clasificación xeral dos xuízos, di Manuel Pérez-Victoria Benavides, citando á Vicente y Caravantes, que ordinario é aquel *en que se procede mediante acción, segundo regra de dereito, gardando a súa orde e solemnidades, sendo o patrón de todos os demais*<sup>52</sup>.

As etapas ou fases básicas do xuízo ordinario eran, segundo este autor, tres: Demanda e contestación, proba e sentencia<sup>53</sup>. Este modelo contrasta, pois, co seguido noutros procedementos propios do estilo da Real Audiencia de Galicia, como o Auto Ordinario, a Vía de Forza, as Provisións Ordinarias ou a Simple Querela, caracterizados pola brevidade<sup>54</sup>.

Así pois o esquema básico do proceso civil ordinario é o que amosa o seguinte cadro:

#### CADRO II: Modelo de desenvolvemento do proceso civil ordinario

##### PROCESO CIVIL ORDINARIO

###### 1. INICIACIÓN

- Demanda
- Citación do Demandado
- Contestación do demandado

###### 2. PROBA

- Proba testifical
- Proba documental
- Inspección ocular
- Confesión do demandado
- Alegato de “bien probado”

###### 3. RESOLUC.

- Sentencia

###### 4. EXECUCIÓN

- Real Provisión Executoria

Sinala Pérez-Victoria como este procedemento áchase xa establecido nas súas liñas básicas no Espéculo, Fuen Real (matizado polas Leis de Estilo) e terceira Partida. O Ordenamento de Alcalá sinalou con precisión os prazos procesuais. Esta normativa foi recollida nas Recopilacións, onde destanacan as disposicións dos Reis Católicos, e concretamente a Pragmática de Medina del Campo de 1489, as *leyes por la brevedad* de 1499, e as Ordenanzas de Madrid e Alcalá de 1502 e 1503, respectivamente, *que sentarons as bases do procedemento de forma breve e expedita*<sup>55</sup>.

Xunto co resto da normativa en materia xudicial de Castela, as Ordenanzas da Real Audiencia regularon o proceso no título V (*Del modo de sustanciar los procesos*), VI (*De las recusaciones*), VII (*De las sentencias definitivas*) e VIII (*De las apelaciones y suplicaciones*)<sup>56</sup>.

#### Importancia da proba

Non imos entrar aquí a analizar polo miúdo cada unha das fases do proceso. Cómpre sinalar tan só a importancia que na acción reivindicatoria ten a fase de proba, tal e como Herbellla sinala insistentemente, xa desde o título, no capítulo que dedica á mesma:

22. *No puede decirse perfecta la prueba de dominio si el que reivindica no acredita con toda claridad que los bienes que demanda son los mismos que contienen los instrumentos, o investiduras de que se vale, y que funda su derecho.*



O mosteiro de Monfero a principios do s. XX. A.R.G., colecc. Fotográfica, sig. 73.

23. *La prueba de identidad debe concluir necesariamente, no admite posibilidad en contrario; y debe ser tan urgente, eficaz y demostrativa, como que los documentos con que se vista la probanza señalen los territorios, como con el dedo.*

24. *La identidad en materias antiguas, se prueba por fama pública, enunciativas en distintos instrumentos, descripciones en apeo, inventarios por confrontación de nombre con dos confines, o uno infalible por la añal pensión, conjecturas, e indicios, probada cada cosa en su caso<sup>57</sup>*

Dentro desta fase, subliña Herbella a transcendencia que no estilo da Audiencia tiña o **articulado de preguntas**, que propoñía o que daba probanza para que fosen interrogadas as testemuñas:

5. *Hay articulado de preguntas e interrogatorio de preguntas: el primero es el que comprende los capítulos o particulares que produce el que da probanza para que a su tenor sean examinados los testigos que presenta; y queda referido al núm.2 del cap. 5: y el segundo, es el que algunos casos o juzgados produce la parte contra quien se recibe la probanza para repreguntar a los testigos presentados por la otra cuando no se presenta acompañado que repregue o cuando el juez o recetor deber repreguntarlos<sup>58</sup>, así como o **alegato de entiéndase**, en el que se recopila la sustancia literal del articulado y sus capítulos<sup>59</sup>.*

Os documentos consultados amosan tamén a importancia que a prorrogação do termo ou período de proba tiña. Fixado nas Partidas en 9, 27 ou 90 días, segundo os casos, en 1502 se estableceu en 80 (para os lugares de aquende os portos) ou 120 (para os lugares de allende os portos)<sup>60</sup>. Na Audiencia de Galicia, segundo o testemuño de Herbella, era de 9 días comunes, pero

*Si el termino [no] es bastante, si [sic] pide prorrogação por pedimento simple, que se concibe de la manera siguiente: (...) que respecto es reducido, las probanzas dilatadas, y se han de dar a larga distancia, se sirva prorrogarle hasta el de la lei [80 días]<sup>61</sup>.*

Sen embargo, cando unha das partes non podía cumplir os prazos sinalados, podía solicitar, se era quen de facelo<sup>62</sup>, a restitución *in integrum*, é dicir, a devolución dos autos ao momento anterior á sentencia de proba<sup>63</sup>.

### Transcendencia das notificacións

Xunto coa proba, destaca Herbella a imperiosa necesidade de dar traslado de todas as actuacións ás partes para evitar a nulidade do proceso:

36. (...) porque en los pleitos civiles y en las causas criminales, después que salen del sumario de todo el proceso y autos, debe darse traslado a las partes en cualquier tiempo del litigio y en cualquier estado que lo pidan (...). (...) porque hay dos especies de autos en el proceso, la una el pleito que respecta al hecho principal, como son las declaraciones de testigos, confesiones, instrumentos y más pruebas: la otra es de autos del juicio que respecta a la forma y orden sustancial del proceso, y son la citación, presentación del libelo y semejantes (...).

39. *Todo lo actuado sin citación es nulo, sin que necesite declaración; de tal modo que no causa el menor juicio a las partes (p.98).*

40. *Por esta razón es muy justo el real auto de acuerdo del año de 1755, dispositivo de que, cuando se pide algún compulsorio en pleito pendiente, se señale el escribano o archivo y paraje en que se hallen los papeles que han de ser compulsados, expresándolos distintamente; porque, como ha de citarse la parte contraria para sacar el compulsorio, deben constarle todas estas particularidades<sup>64</sup>.*

Segundo a Carlos Garriga, cómpre relacionar esta insistencia en gardar as formalidades do proceso, coa formación de tribunais reais colexiados a últimos do século XV (especialmente entre 1489 e 1494). Neles, prestouse especial atención ás garantías formais que debían envolver a fase de determinación dos preitos, coa particularidade de dispoñérense de tal modo imbricadas que a violación de calquera bastaba para poñer en perigo a consecución do resultado pretendido (...), a xustiza aparente da decisión<sup>65</sup>.

A colexialidade do tribunal tomaba corpo ao longo do proceso de distintas formas:

§ En Audiencia Pública. Conformada por alcaldes maiores/oidores de todas as salas ou, máis tarde, de cada unha delas rotatoriamente. Daba curso ao proceso en *autos*<sup>66</sup>.

§ En Audiencia de Relaciones. Ante os alcaldes maiores/oidores da sala que tiña encomendado o preito. Correspondía ao trámite de vista pública, que tiña lugar trala conclusión do preito para sentencia interlocutoria ou definitiva. Tiña especial importancia *por ser únicamente entonces cando os oidores que debían sentenciar vían directa e globalmente o preito*<sup>67</sup>.

§ En Acordo. Determinaba finalmente o preito<sup>68</sup>.

### Documentos básicos do expediente

De acordo cos documentos examinados<sup>69</sup>, os documentos básicos que conforman o expediente son:

1. Demanda<sup>70</sup>
- 1.1. No seu caso, acompaña Memorial de bens<sup>71</sup>
2. Real Provisión de emprazamento e carta en seguimento<sup>72</sup>
3. Alegato de contestación do demandado<sup>73</sup>.
4. Sentencia de proba
5. Real Provisión receptoría e probanza<sup>74</sup>
6. Dilixencias de notificación ás partes para a proba testifical<sup>75</sup>
7. Dilixencia de presentación do *articulado* de preguntas para as testemuñas
8. Testemuño de declaracóns das testemuñas<sup>76</sup>
9. Real Provisión compulsorio de papeis
10. Dilixencias de notificacións ás partes para a proba documental
11. Testemuño do compulsorio de papeis
12. Pedimento de *publicación* das probanzas<sup>77</sup>
13. Providencia de Audiencia Pública de publicación das probanzas
14. Alegato de *bien probado*<sup>78</sup>
15. Providencia de Audiencia Pública de conclusión<sup>79</sup>
16. Sentencia<sup>80</sup>

Como é natural, este esquema pode chegar a complicarse en forma notable. Ademais, no conxunto será posible atopar moitas variantes. Detéctanse así, por exemplo, *procedementos posesorios mixtos, que tratan de causas de posesión e propiedade convxuntamente*<sup>81</sup>; e procedementos especiais de restitución, como é o caso da restitución de termos ocupados a cidades, vilas e lugares públicos e concellís, regulado na Nova Recopilación, lei 3, título 7, libro 7<sup>82</sup>.

### CONCLUSIÓN

A combinación de estudio estatístico e análise arquivística do conxunto de documentos da Real Audiencia de Galicia descrito tradicionalmente no Arquivo do Reino baixo a



O mosteiro de Celanova nun gravado do s. XIX. A.R.G., colecc. Cart. e Icon., sig. 60.

denominación de “Preitos e expedientes de mosteiros” permítenos afondar na estructura documental desta agrupación, na liña doutros estudos anteriores, como os dedicados aos expedientes de apeos, aos de veciños ou á *vía de forza*. Se nestes casos os procedementos predominantes eran propios das facultades gobernativas da Audiencia ou se situaban na incerta fronteira entre o gobernativo e o xudicial (procedementos breves ligados á reparación de agravios: vía de forza, autos ordinarios, provisións ordinarias e simples querelas), no caso dos procesos de mosteiros, achámonos en presencia de procedementos de tipo fundamentalmente xudicial.

A demanda de reivindicación, exemplo cualificado deste tipo de procedementos que seguen o modelo do proceso civil ordinario, predomina de forma esmagadora no conxunto, tal e como xa adiantaron no seu día investigacións realizadas desde o campo da Historia económico-social.

O estudio detallado deste procedemento aporta nova luz sobre a forma que tiña o alto tribunal galego tiña de tramitar os procesos ao longo da Idade Moderna, ao constatar como a práctica se desviaba con frecuencia dos modelos legais e doutrinais existentes para adaptarse ás variantes circunstancias da realidade. Así, esta breve investigación ofrece como primeiras conclusións a bondade do método seguido e a necesidade de seguir o camiño de investigación iniciado con novas achegas que permitan trazar un debuxo máis nido da práctica xudicial galega durante o antigo réxime.

Desde o punto de vista arquivístico, o emprego da metodoloxía estatística e da análise pormenorizada dos procedementos permitirá identificar con precisión as series documentais que integraban orixinalmente o conxunto.

## BIBLIOGRAFÍA

- AIKIN ARALUCE, Susana. *El recurso de apelación en el derecho castellano*. Madrid: Reus, 1982.
- BARREIRO, Baudilio. "La pragmática de perpetuación de foros, intento de interpretación". *Compostellum*, XVII, 1972, pp. 73-116.
- BOUZADA GIL, Mª Teresa. *La vía de fuerza. La práctica en la Real Audiencia de Galicia. Siglos XVII-XVIII*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2001
- BURGO LÓPEZ, Concepción. La historia social de Galicia en la época moderna (1970-2001). Balance historiográfico, en *Balance de la Historiografía Modernista 1973-2001. Actas del VI Coloquio de metodología histórica aplicada. (homenaje al profesor Dr. D. Antonio Eiras Roel)*, celebrado en Santiago de Compostela, de 25 al 27 de octubre de 2001). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, pp. 31-45.
- CÓDIGO de las Siete Partidas. Tomo II, que contiene la tercera, cuarta y quinta partida, en *Los CÓDIGOS españoles concordados y anotados. Tomo tercero*. Madrid: Imprenta de la Publicidad, 1848.
- CORTÉS ALONSO, Vicenta. Nuestro modelo de análisis documental. *Boletín de ANABAD*, 1986, vol. 36, pp. 419-434
- DURANTI, Luciana. *Diplomática. Usos nuevos para una antigua ciencia*. Carmona: S&C, 1996.
- FERNÁNDEZ VEGA, Laura. *La Real Audiencia de Galicia. Órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)*. La Coruña: Diputación Provincial, 1982.
- GARRIGA, Carlos. *La Audiencia y las Chancillerías castellanas (1371-1525). Historia política, régimen jurídico y práctica institucional*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1994.
- GIL Merino, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976.
- GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. *Gobernación y gobernadores. Notas sobre la Administración de Castilla en el período de formación del Estado moderno*. Madrid: Universidad, Facultad de Derecho, Servicio de Publicaciones, 1974.
- GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. La Justicia, en M.Artola (dir.), *Enciclopedia de Historia de España*.II. Madrid: Espasa Calpe, 1988, 343-417.
- HERBELLA DE PUGA, Bernardo. *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia*. A Coruña: Ilustre Colegio Provincial de Abogados, 1975.
- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; MARTÍNEZ CORTIZAS, Antonio. Mecanización de los catálogos de la Real Audiencia de Galicia. *IRARGI. Revista de Archivística*. III, 1990, pp. 26-38.
- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.
- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; QUIROGA BARRO, Gabriel (dir.). Arquivo do Reino de Galicia. *Catálogo de instrumentos de descripción documental y bibliográfica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, p. 17. Disponible en internet en <<http://www.xunta.es/consele/cultura/patrimonio/arquivo%20reino/index.html>>
- MALDONADO Y FERNÁNDEZ DEL TORO, José. Líneas de influencia canónica en la historia del proceso español. *Anuario de Historia del Derecho Español*, V. 23, 1953, pp. 467-494.
- MARTÍN SUQUÍA, Ramón (coord.). *Vocabulario de indexación y consulta de la base de datos BADATOR*. Vitoria: Gobierno Vasco, IRARGI, 1993.
- MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española. Tomo I*. Madrid: J.López Camacho, 1892.
- NOVÍSIMA recopilación de las leyes de España. Tomo II, que contiene los libros quinto, sexto y séptimo, en *Los Códigos Españoles concordados y anotados. Tomo octavo*. Madrid: Imprenta de la Publicidad, 1850.
- ORDENANZAS de la Real Audiencia de Galicia. La Coruña: Antonio Fraiz, 1679.
- PÉREZ-VICTORA BENAVIDES, Manuel. El juicio ordinario en el procedimiento de la recepción. *Anuario de Estudios Sociales y Jurídicos*, 10-11, Granada 1981-1982, pp. 543-561.
- PUIG BRUTAU, José. *Fundamentos de derecho civil. Tomo III. Volumen I*. Barcelona: Bosch, 1971.
- REAL Audiencia de Galicia. *Juzgado de la Protectoría del Voto del Apóstol Santiago. Catálogo documental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998.
- REAL Audiencia de Galicia. *Catálogo de expedientes de apeo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999.
- REAL Audiencia de Galicia. *Catálogo de expedientes de vecinos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002.

SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José. *La Administración de Justicia real en León y Castilla en la Baja Edad Media (1252-1504)*. Madrid: Universidad Complutense, 1980.

SANDOVAL VEREA, Francisco. A informatización da serie oficios e cargos públicos: un exemplo do trabalho de mecanización do fondo de Real Audiencia do Arquivo do Reino de Galicia, en *II XORNADAS de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia. Cooperación: realidad e futuro. A Coruña, 24-26 de abril de 1997*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, pp. 479-483.

VILLARES PAZ, Ramón. Carlos III y la temporalidad del foro. Los pleitos sobre despojos, en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII. Actas del Seminario de Segovia sobre agricultura y población en España (14, 15 y 16 de septiembre de 1988)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica, 1989, pp. 411-428.

VILLARES PAZ, Ramón. A provisión de 1763, revisitada, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Tomo I. Historia e Ciencias Sociais. Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*. Santiago de Compostela, 29 de maio-3 de xuño de 1995. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela, 1997, pp. 209-224.

#### FONTES DOCUMENTAIS

##### ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Arquivo de xestión (tradicionalmente denominado “Historia do Arquivo”):

- [Informe de D. Vicente Álvarez de Neira, arquiveiro, sobre a colocación e traslado do “Archivo Público y General del Reino”]. 1775, novembro, 26. Arquivo do Reino de Galicia Sig. 142/7

Real Audiencia de Galicia: 7.954 preitos e expedientes de mosteiros. A análise documental está baseada no exame detallado dos seguintes preitos:

- *O mosteiro de San Paio de Santiago cos clérigos da confraría e coro da Catedral da mesma cidade sobre o lugar e casal de Frades de “Yuso” e outros bens.* 1550-1555. Sig. 866/4.
- *O Mosteiro de Melón e o fiscal da súa maxestade co licenciado D. García Sarmiento Sotomayor, dono dos coutos de Vincios e Gondomar, Alonso de Lanzós e Rui Porca sobre reivindicación do couto de Santantuiño coas freguesías de Peteiros, Torueiros e outras, no val de Louriña, a súa xurisdicción, rendas e vasalaxe.* 1515-1567. Sig. 872/66.
- *O mosteiro de Armenteira con D. Rosendo de Aval y consortes, sobre demanda de bens.* 1789-1790. Sig. 101/34.

Cítanse ademais os seguintes:

- *O mosteiro de Melón con Benito de Andrade e consortes sobre reivindicación da granxa de Arbo e outros lugares da terra de San Martiño.* 1636. (ARG, RAG 34/67).
- *O mosteiro de Lérez con Lope Montenegro e consortes, sobre reivindicación do lugar de Pazos, na freguesía de Cerponzóns.* 1561. (ARG, RAG, 866/8).
- *O mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago con Alonso Vázquez Fraga e outros sobre reivindicación dunha casa na rúa de Baldomar da cidade de Santiago.* 1684. (ARG, RAG 34/68).
- *O convento de San Domingos de Betanzos con Don Jacinto de Puga, Alberto París e outros, sobre reivindicación de bens no lugar do Vieiro, na freguesía de Santo Tomé de Vilacoba.* ARG, RAG, 1.558-1.560/9, (Colección Cartográfica. Real Audiencia – Col. Cart. RA 20).
- *D. José Antonio Billar Pimentel e Miranda con D. Guillermo de Soto y Valcárcel e outros veciños de freguesía de Santa María Magdalena de Xudán, concello de Miranda, sobre reivindicación da metade do mazo de Vilaxe e outros bens do vínculo e morgado que fundou Bartolomé Ares Méndez de Miranda, na freguesía de Xudán.* ARG, RAG, 17.606/28 (Col. Cart. RA 15).

## NOTAS

- 1 . - Real Audiencia de Galicia. *Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2004.
